

# CORREO APÍCOLA

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA, AGA

Feira Nova s/n Santa María. 15819 Arzúa. A Coruña  
Tel. 981 508 142 e-mail: [aga@queixoemel.org](mailto:aga@queixoemel.org)

## A VESPA VELUTINA, O NOVO INIMIGO DAS ABELLAS, XA CHEGOU A GALICIA

Foi detectada en Galicia a Vespa Velutina ou avespón asiático, que xa levaba 6 anos en Francia donde se amosou moi agresiva coas abellas ata o punto de matar colmeas enteiras.

Esta nova avés, procedente de Asia, ten unha grande preferencia polas abellas como alimento para as súas crías.

Constrúe uns grandes niños de papel de ata 1 metro de diámetro, nas ramas ou ocos de árbores e noutros lugares pechados.

No inverno, só pervive a raiña e na primavera escomenza o desenvolvemento da colonia que acada o número máximo de individuos no outono con 1.200 a 1.800 individuos; nese intre é cando máis perigosa resulta para as colmeas.

Non vai ser posible exterminala, as nosas abellas terán que aprender a combatalas como xa acontece nas abellas asiáticas e namentres os abelleiros terán que usar trampas caza-avespas para diminuír as baixas por este inimigo.

AGA informará ampliamente sobre este asunto nas actividades que ten programadas para este outono-inverno en toda Galicia e tamén o fará o ano que ven. Entre outras cousas os abelleiros e abelleiras de Galicia deberán aprender a distinguilas da Vespa Crabro, menos perigosa, que se parece a esta pero que se diferencia claramente, polas súas cores.

Para máis información: [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)

## Nova DAGA en Trasalba Fundación Otero Pedrayo. Amoeiro. Ourense

O domingo 18 de novembro, ás 11,30 da mañá, en Trasalba, na Fundación Otero Pedrayo teremos:

. Charla informativa sobre a Vespa Velutina, forma de distinguila e combatala. Podedes traer exemplares de vespas que consideredes sospeitosas de pertencer a esta especie.

. A continuación, constitución da Delegación de AGA en Ourense, elección de cargos e elaboración dun programa de actividades a desenvolver no ano 2013.

Pregase a presenza e todos os socios e socias de AGA da provincia de Ourense

Remataremos antes do xantar.

## **LUCUS MEL 2012**

### **Domingo 16 de Decembro, en Lugo**

#### **FEIRA DE PRODUTOS DAS ABELLAS** **nos Baixos da Praza de Abastos de Lugo**

Poden participar os socios e socias de AGA, que terán que cumprir unhas bases que podeades consultar na web de AGA, [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es) ou solicitálas a AGA. Tel 981 508 142, e-mail: [queixoemel@gmail.org](mailto:queixoemel@gmail.org). O prazo para apuntarse é ata o 30 de novembro.

Esta Feira está organizada polo grupo API-E, apiemprededores de AGA, e haberá:

- . Feira do mel e outros produtos das abellas polos produtores admitidos
- . Obradoiros de meleiras de cerámica, de candeas de cera, cata-degustación de produtos das abellas; mel con queixo, con froitos secos...
- . Elaboración e venda de cestos de produtos apícolas persoalizados, para agasallos de Nadal
- . Sorteos de 4 cestos de produtos abelleiros
- . Consultorio melífero
- . Taller de identificación sobre a Vespa Velutina, recién chegada de Asia, quere comer as nosas abellas
- . Tamén haberá música tradicional

**Olo coa data, houbo cambio!**

### **A CERA. ANO 2013**

Cara o vindeiro ano 2013, a firma apícola "GlezCarballal" de Ourense, informa que estará presente o Día do Apicultor en Arzúa e recollerá a cera dos abelleiros cos seguintes prezos:

- . Cera cocida e limpa a 4 Euros/quilo
- . Cera cocida de opérculos a 4,50 Euros/quilo
- . Cerón vello sen cocer, según as condicións, entre 1 e 1,50 Euros/quilo.

### **SEGURO DAS COLMEAS 2013**

Durante todo o mes de xaneiro do ano 2013, os soci@s poderán renovar ou inscribirse por primeira vez nas 2 pólizas de seguro que ten AGA (RC ou Multirrisco). Por tel ou e-mail dando os datos: nome do propietario, nº de CEA, enderezo e número de colmeas.

Tamén vos informamos que para participar nas axudas do Plan Apícola é necesario ter un seguro para as colmeas, é suficiente co de responsabilidade civil (RC).

Os que participaron no 2012 no Plan Apícola, tiveron unha subvención do 50% do custe do seguro. Polo tanto tal como informamos, no seu momento, cando fagades o seguro do ano 2013 farémosvos as contas e descontando o 50% do importe aportado no 2012.

### **MÁIS INFORMACIÓN**

Consultar semanalmente a nova Web de AGA: [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)  
Centro do Queixo e do Mel, Arzúa. Horario: de 10 a 14 horas e de 16 a 18 horas, a diario  
Tels.: 981 508 142 e 630 069 637  
e-mail: [aga@queixoemel.org](mailto:aga@queixoemel.org)